

TALLER DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

CURSO “EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE”

Descrición básica

Unha das características definitorias da problemática ambiental contemporánea o constitúe a globalización dos procesos socioeconómicos no mundo actual. A constitución da aldea global, que prediciron certos teóricos nos anos sesenta, foi debida aos avances nas tecnoloxías da información e a comunicación así como das enxeñaría do transporte. Estes progresos técnicos conferíronnos o poder de desprazarnos ao longo do planeta de forma inimaxinable só unhas décadas antes.

Pero o que se anunciaba como un avance na comunicación e nos niveis de vida da nosa especie, veu acompañado dunha chea de problemas: o parque automobilístico privado está a medrar de xeito descontrolado, as emisións de gases de efecto invernadoiro aumentan o cambio climático, a sobreexplotación dos recursos alcanza as zonas máis fráxiles e recónditas do noso planeta, as megalópoles do terceiro mundo medran como tumores incontrolados de cemento e ladrillo.

Esta mobilidade exacerbada de persoas e materiais pode mesmamente poñer en perigo outras alternativas de organización social máis sostibles e humanas. É por iso polo que nos parece de moito interese afondar nas causas da crise e explorar, grazas ao traballo de coñecidos especialistas, a posibilidade doutras vías de comunicación, mobilidade e organización territorial, por medio dos relatorios, debates, experiencias e visitas prácticas que ofrecemos no presente curso.

Obxectivos

- Analizar as relacións entre mobilidade e medio ambiente.
- Achegarse aos contidos básicos sobre as políticas e estratexias de mobilidade identificando os principais impactos ambientais e analizando as alternativas que se están a implementar.
- Coñecer aplicacións educativas que optimicen o labor do profesorado dos diferentes niveis do sistema educativo, formadores e educadores en xeral e estudosos da temática.
- Proporcionar materiais e recursos para abordar educativamente este tema.
- Promover o debate reflexivo e crítico en torno a estas cuestións de gran relevancia social, científica e educativa.

Destinatarios/as

- Profesionais da educación de todos os niveis educativos, técnicas e técnicos no ámbito de estudo, estudantes dos dous últimos cursos.

Datas e duración

- Dias 15, 16 e 30 de xaneiro de 2010
- Dous créditos (20 horas)

Lugar

- Facultade de Química, Universidade de Santiago de Compostela

Prezo de matrícula

- 75€

Acreditación

- Universidade de Santiago de Compostela: Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua

Codirección

- Profs. M. Carmen Morán de Castro, Manuel A. Fernández Domínguez, Manuel R. Bermejo Patiño

Venres, 15 de xaneiro 2010

- 16:30 Entrega de documentación e presentación do Seminario
17:00 Relatorio: **“Mobilidade sostible e medio ambiente”**
Sr. Alfonso Sanz Alduán. Consultor especialista en mobilidade sostible
18:30 Pausa
19:00 Mesa redonda: **“Políticas e estratexias para unha mobilidade sostible”**
Sr. Xan Duro Fernández. Grupo Ecoloxista Verdegaia
Sr. Alfonso Sanz Alduán. Consultor especialista en mobilidade sostible

Sábado, 16 de xaneiro 2010

- 10:00 Relatorio: **“Desprazamentos laborais e mobilidade sostible”**
Sr. Manel Ferri Tomás, Centro de Referencia en Mobilidade (ISTAS)
11:30 Pausa
12:00 Panel de experiencias
- Educación secundaria: **“Estudo da mobilidade na cidade da Coruña”**
Sr. Juan Bello Llorente. IES Fernando Wirtz (A Coruña)
- Movemento cidadán: **“A problemática de mobilidade no Morrazo”**
Sr. Luís Pérez González. Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo

16:30 Panel de experiencias
- Universidade: **“A mobilidade no plan de desenvolvemento sostible na USC”**
Sra. Dora Blanco Heras. Oficina do Plan de Desenvolvemento sostible USC

17:30 Materiais e recursos
- Mancomunidade de Pamplona: **“Educación medioambiental e transporte”**
Sra. Carmen Villanueva Arbeloa. Responsable do Programa de Educación Ambiental y Sensibilización Ciudadana

Sábado, 30 de xaneiro 2010

- 10:00-20:00 Visita-estudo ás infraestruturas e equipamentos do Plan de Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela: *Aeroporto, Ave, Intermodal, Tren, Autobús...*
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Santiago de Compostela)

Preinscrición e matrícula

Preinscrición: Ata o 30 de decembro de 2009

- Enviando ou entregando solicitude a:

ICE - Taller de Educación Ambiental Avda. das Ciencias, s/n, chalé 3, Campus Sur 15782 Santiago de Compostela

- Enviando correo electrónico a mariadelrosario.castro@usc.es

Matrícula: Do 1 de decembro de 2009 ao 11 de xaneiro de 2010

- Unidade de xestión académica USC